



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN CULTURAL "O CASTRO" DE BAIÓN-VILANOVA DE AROUSA, PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO ÁS PERSOAS MAIORES DENTRO DO PROXECTO DE "ENVELLECE COMIGO" NO EXERCICIO 2023.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Xuventude ten previsto formalizar coa Asociación Cultural "O Castro" de Baión-Vilanova de Arousa o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2023. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase a Asociación cultural "O Castro" dende o 1 de xaneiro de 2023 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Xuventude.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o financiamento o dos gastos derivados da execución durante o exercicio 2023 dun Programa de dinamización e acompañamento ás persoas maiores dentro do proxecto "Envellece comigo".

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas orientadas á prevención da situación de dependencia e promoción da autonomía persoal das persoas maiores, mellorando a comunicación, conexión e relación coa contorna. A Asociación Cultural "O Castro" leva a cabo un Programa de dinamización e acompañamento ás persoas maiores, para facilitar o envellecemento activo, e polo tanto mellorar a calidade de vida, e a reincorporación dos maiores á vida social despois da pandemia . O programa interconecta a actividade presencial co uso das novas tecnoloxías, para os maiores que por algún motivo non poden desprazarse. O proxecto abrangue os tres piares nos que se fundamenta o envellecemento activo: físico, social e mental.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Cultural "O Castro" leva a cabo un programa co obxectivo de mellorar á calidade de vida persoal e social, das persoas maiores, tratando de promover un envellecemento activo. Deste xeito as persoas maiores poden seguir coa súa vida cotiá na súa residencia habitual coa axuda e atención que se lle presta dende a asociación. A especificidade do programa dificulta a súa convocatoria pública.

Tendo en conta, por unha banda, a especificidade das características da actividade que se vai financiar por razón do colectivo ao que van dirixidas, e por outra, a ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de



Política Social e Xuventude previsto no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, na área específica da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alio á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

